

MANIFESTO

AS ENSEÑANZAS DA PANDEMIA. UNHA PROPOSTA PARA A ACTUACIÓN

O homo sapiens ten un problema de supervivencia como xénero e especie. Unha pandemia afecta non só ao seu modelo de convivencia social, senón tamén ao seu desenvolvemento biolóxico. Ambas as dimensións están conectadas no plano persoal e mais no colectivo. Por iso mesmo, as súas consecuencias terán repercusións persoais e consecuencias sociais.

Como persoas preocupadas pola convivencia cidadá e pola difusión dunha cultura crítica, queremos invitar a outras asociacións e persoas a manifestaren as súas expectativas sobre o futuro da humanidade nun marco de convivencia cidadá. Quen nos preocupamos pola educación e pola análise dos problemas sociais temos o compromiso ético de dar a coñecer os nosos argumentos para desenvolver novas maneiras de proxectar o futuro.

As certezas que se elaboraran sobre o desenvolvemento da humanidade derrubáronse. A ciencia e a tecnoloxía non logran controlar e combater un minúsculo virus que contaxiou, cando menos, a máis de 20 millóns de persoas e que causou a morte a preto dun millón de conxéneres. A difusión de falsas noticias sementou dúbidas no tratamento da enfermidade e provocou maior temor e incerteza. Os fluxos financeiros e unha economía de servizos sen base produtiva física abocáronnos a unha catástrofe humana, con máis desequilibrios entre persoas e territorios. A inconsistencia da defensa dun ecosistema planetario favoreceu a expansión do risco ambiental e, en consecuencia, o xurdimento de ameazas biolóxicas e climáticas.

As pandemias foron un fenómeno recorrente na humanidade: a peste negra ou a gripe “española” son dous exemplos constatables. A novidade estriba na inxente cantidade de informacións cruzadas a respecto do seu tratamento, que manifestan uns intereses ocultos de posicións beneficiosas dalgunhas persoas e grupos. E neste contexto debemos analizar as propostas de negacionistas e vendedores de falsas promesas universais. A capacidade do ser humano “sapiens” de acordar alianzas para enfrontarse aos perigos deveu nunha defensa de intereses sociais determinados, baixo a aparencia da defensa da humanidade. Dificilmente regresaremos a unha “nova normalidade” e os comportamentos individuais deberán ter sempre presente a defensa do benestar colectivo no seu conxunto.

Ante este panorama, as persoas e asociacións que asinamos este manifesto poñemos de relevo a necesidade de acordar un programa de actuación no campo da educación e da difusión cultural. Proclamamos unha serie de principios que procederíamos a levar adiante nas nosas tarefas profesionais, social e persoalmente. Son propostas para debatermos, mais que marcan unha metodoloxía de traballo, un compromiso social.

MANIFESTO

AS ENSEÑANZAS DA PANDEMIA. UNHA PROPOSTA PARA A ACTUACIÓN

- 1.- A tarefa da análise da pandemia organizarase co apoio dunha racionalidade ética que se fundamente na Declaración Universal de 1948 e con teorías sólidas das ciencias sociais e outras de maneira interdisciplinar.
- 2.- Os valores morais persoais poderán ser expresados e manifestados, nunca impostos, dentro do ámbito da liberdade, tolerancia e respecto, segundo os principios éticos indicados no punto 18 dos Dereitos Humanos.
- 3.- As coordenadas temporais da análise social virán determinadas polo estudo histórico do xénero humano no seu proceso de adaptación ao medio planetario.
- 4.- Os marcos territoriais serán os que se concreten nas súas diferentes escalas, nas súas interaccións globais e locais, considerando os ámbitos subxectivos e políticos.
- 5.- A análise da organización do sistema produtivo e a distribución dos recursos axustaranse aos principios da sostibilidade e da economía circular.
- 6.- A análise do funcionamento dos sistemas de saúde e escolares terá presente os principios de equidade e de dignidade de toda persoa, seguindo a Declaración Universal de 1948.
- 7.- Consecuentemente, a selección cultural dos contidos educativos para a educación básica soportarase na selección de problemas sociais determinados nas situacións precedentes.
- 8.- O sistema escolar deberá privilexiar as actuacións encamiñadas a desenvolver o estudo das incertezas humanas no medio planetario fronte a outras consideracións culturais étnicas ou territoriais.
- 9.- As persoas e organizacións que asinamos o presente documento comprometémonos a impulsar nas nosas esferas profesionais e persoais actuacións conducentes a crearmos un relato crítico local nun contexto global no camiño da Axenda 2030 a través dos ODS.
- 10.- Os recursos informativos para este propósito serán analizados con cautela, para verificar a pertinencia dos datos, feitos, conceptos e teorías en relación coa defensa dos valores determinados na Carta de 1948 e evitar a difusión de falsidades.



ASSINE O MANIFESTO



DIVULGUE ENTRE OS SEUS CONTATOS